

Campamentos urbanos de Nadal 2025

Centros Cívicos Municipais

Nenas e nenos nados entre o 1/01/2013 até o 31/12/2021

Días: 22, 23, 26, 29 e 30 de decembro de 2025 e 2, 5 e 7 de xaneiro de 2026

HORARIO:

Xeral: das 10:00 ás 14:00 horas

Ampliado: das 9:00 ás 14:30 horas

CUSTO:

Horario xeral 26 €

Horario ampliado 32 €

CENTROS CON HORARIO AMPLIADO

- C. Cívico Monte Alto
- C. Cívico Novo Mesoiro
- C. Cívico Municipal San Diego
- C. Cívico Municipal Rosales
- C. Cívico Municipal Os Mallos
- C. Cívico Municipal Castrillón
- C. Cívico Novoboandanza

CENTROS CON HORARIO XERAL

- C. Cívico Municipal Monelos
- C. Cívico Municipal Elviña
- C. Cívico Municipal Palavea
- C. Cívico Municipal Cidade Vella
- C. Cívico Municipal Eirís
- C. Cívico Pescadores
- C. Cívico San Pedro de Visma
- C. Cívico Artesáns
- C. Cívico Feáns
- C. Cívico A Silva
- C. Cívico Castro de Elviña
- C. Cívico Santa Lucía
- C. Cívico Sagrada Familia
- C. Cívico O Birloque
- C. Cívico Labañou (Sede: Espacio de intervención Cultural Normal-UDC, C/Paseo de Ronda 47)



PREINSCRICIÓN: 26, 27 E 28 DE NOVIEMBRE

Dúas modalidades:

- Preferentemente en liña a través do formulario dispoñible na web municipal www.coruna.gal/serviciosociales/es que estará aberto desde as 8:00 h. do día 26 de novembro até as 23:59 h. do día 28 de novembro.
- Telefonicamente no seguinte número: 695 133 494, en horario de atención das 9:00 ás 20:00 ininterrompidamente. Ofertaranse prazas para as nenas e nenos con diversidade funcional que poidan seguir as actividades en grupo. A preinscrición acompañarase dunha ficha de coñecemento persoal e terán unha numeración e sorteo propios.

PUBLICACIÓN DAS LISTAS DE PREINSCRICIÓN : 4 DE DECEMBRO

No taboleiro de anuncios dos centros cívicos, no 010 e na web municipal www.coruna.gal/serviciosociales/es.

RECLAMACIÓN ÁS LISTAS DE PREINSCRICIÓN: 5 DE DECEMBRO

Enviando un correo electrónico co motivo da reclamación a jacobo.rocha@formazona.com ou chamando ao número de teléfono 695 133 494.

SORTEO: 9 DE DECEMBRO

Ás 10:00 h. en cada centro cívico, salvo para as prazas de menores con Necesidades Educativas Especiais, que se fará á mesma hora no Centro Cívico Monelos.

PUBLICACIÓN DAS LISTAS DE ADMISIÓN E ESPERA: 12 DE DECEMBRO

Na páxina web www.coruna.gal/serviciosociales/es, nos centros cívicos e no Teléfono 010.

INSCRICIÓN E PAGO: 12, 13, 14 E 15 DE DECEMBRO

As familias admitidas recibirán, a través do correo electrónico que estas facilitaron no formulario da preinscrición, a seguinte ligazón

https://grupovitae.easymanager.app/es/XcYa1S/activity_reservations/new

e o QR, xunto coas instrucións para realizar o pagamento e formalizar a inscrición

As instrucións sobre o procedemento e a ligazón para os pagos tamén se poden atopar na web municipal www.coruna.gal/serviciosociales/es.

En caso de dúbida coa inscrición, contacte co 666703923 (horario de atención durante as datas de inscrición das 10:00 ás 13:00) ou a través do seguinte correo:

vitae.coruna@grupovitae.com



XESTIÓN DA LISTA DE ESPERA: A PARTIR DO 16 DE DECEMBRO

As prazas vacantes serán cubertas polas nenas e nenos que están en lista de espera seguindo a rigorosa orde da dita lista. A empresa avisará as familias a través do correo electrónico que estas facilitaron no formulario da preinscrición.



Campamentos urbanos de Nadal 2025

Centros Cívicos Municipais

INFORMACIÓN XERAL E RECOMENDACIÓNS

- Terán preferencia as nenas e os nenos empadroados no Concello da Coruña.
- Cada grupo estará formado por 15 menores e deberá haber un mínimo de 9 para poder constituílo.
- Só se poderá presentar unha preinscrición por menor; en caso contrario, anularanse todas.
- Ofrécense prazas para menores con diversidade funcional sempre que poidan integrarse e participar nas actividades do grupo. As prazas de diversidade funcional terán un sorteo propio, diferenciado do sorteo do cupo xeral.
- Para unha correcta atención das e dos menores que soliciten praza polo cupo de diversidade funcional, deberá cubrirse unha ficha de coñecemento persoal no momento da preinscrición.
- Non formalizar a inscrición no prazo e horario establecidos suporá a perda do dereito á praza.
- Unha vez realizado o pago do campamento, non se terá dereito á devolución agás por causas imputables á entidade prestadora do servizo.
- Os horarios do campamento, tanto o ampliado como o xeral, son de obrigado cumprimento, tanto na entrada como na saída.
- Se unha ou un menor resulta admitida/o e ten irmás/áns co número correlativo de preinscrición, anterior ou posterior, todas/os obterán praza, sempre que pertenzan ao mesmo cupo.
- Recoméndase levar roupa e calzado cómodo, así como un pequeno tentempié para a merenda.
- Non se deben levar aparellos electrónicos, videoconsolas, móbiles, diñeiro nin obxectos de valor. A organización non se fará responsable das perdas que poidan producirse durante o campamento.
- Non asistan ao campamento aquelas nenas e nenos que presenten enfermidades contaxiosas.